


## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA E MENIÑOS, FUNDACIÓN PARA A INFANCIA

En Santiago de Compostela, a 22 de xaneiro de 2008

### REUNIDOS

Dunha parte, MARÍA-ROSA ÁLVAREZ PRADA, maior de idade, DNI 34.947.079-M, en nome e representación do **COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA**, con domicilio en Santiago de Compostela, Rúa da Espiñeira 10-baixo, CP 15706, CIF Q1500265B, como Decana da Xunta de Goberno colexial.



E de outra, MÓNICA PERMUY LÓPEZ, maior de idade, DNI 32.647.387-Z, en nome e representación de **MENIÑOS, FUNDACIÓN PARA A INFANCIA**, con domicilio a efectos de notificacións en A Coruña, Avenida de Cádiz, 5 – 2º I (Edif. A Milagrosa), CP 15008, CIF G-15551120, constituída o 8 de marzo de 1996 por escritura pública outorgada ante o notario de Betanzos (A Coruña) don León-Miguel López Rodríguez co nº 710 do seu protocolo ordinario, e inscrita no correspondente Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia co nº 1996/2, como Directora Xeral da Fundación, de acordo co apoderamento elevado a público o 13 de setembro de 2006 ante o notario de A Coruña don José-Manuel Lois Puente co nº 2708 do seu protocolo.



Ambas partes, no exercicio das facultades que teñen conferidas e en virtude da representación que ostentan, manifiestan ter e recoñecerse reciprocamente a capacidade civil precisa e suficiente para o outorgamento do presente **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN**, e

### EXPOÑEN


1º Que o COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA ten como fins principais, entre outros, fomentar a promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade, mediante a oferta dunha ampla variedade de servizos e actividades propias, que se proxectan en diferentes ámbitos do servizo colexial: formativos, de investigación e comunicación, publicacións especializadas e asesoramento técnico e profesional, entre outros.

2º Que o COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA ofrece os seus medios e capacidades ao servizo do interese xeral, promovendo a mellor formación e desenvolvemento profesional de psicólogos e estudantes de Psicología, polo que considera conveniente reforzar os vínculos entre a institución colexial e a sociedade, colaborando con asociacións, empresas e representantes sociais.

3º Que MENIÑOS, FUNDACIÓN PARA A INFANCIA, é unha fundación e, por tanto, entidade sen ánimo de lucro que traballa polos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social, contribuíndo á xeración de cambios que propicien un ambiente familiar de seguridade e afecto por medio de diversos programas de intervención directa coa infancia e a adolescencia.



Que a Fundación asume a súa responsabilidade social traballando en pro da infancia tanto directamente, por medio dos seus programas de atención familiar, como indirectamente, por medio do fomento de canles de participación individual e colectiva; e asume como valor o compromiso social, propiciando a corresponsabilidade social e a participación activa no coñecemento e defensa da infancia.



4º Que a Fundación está suxeita ao réxime fiscal especial do título II da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e encóntrase comprendida dentro das entidades beneficiarias da actividade de mecenado a que se refire o seu artigo 16.

5º Que ambas institucións consideran que comparten finalidades e intereses comúns que xustifican a definición dun marco institucional estable de colaboración, para o cal acordan subscribir o presente **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN**, en base ás seguintes,

## CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas entidades, de acordo coas súas respectivas finalidades descritas no expoñendo deste documento.

SEGUNDA: Ambas entidades subscribirán acordos concretos para o desenvolvemento das accións concretas de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común para ambas entidades.

TERCEIRA: Neste marco xeral, poderase crear unha comisión técnica de seguimento composta pola Decana da institución colexial, ou persoa designada por esta, e outro/a colexiado/a; e pola Directora Xeral da Fundación, ou persoa designada por esta, e outro/a traballador/a ou voluntario/a da Fundación.

Esta comisión terá como finalidade valorar o desenvolvemento do convenio, propoñer colaboracións concretas e, en xeral, asumir o seguimento e interpretación do presente convenio.

CUARTA: Cada entidade poderá darlle á existencia deste convenio marco a difusión que estime oportuna de cara aos seus respectivos obxectivos institucionais e a efectos de conseguir a súa mellor comunicación á sociedade en xeral.

QUINTA: Este convenio no supón desembolso económico algún para ningunha das entidades.


SEXTA: A efectos de comunicacións relacionadas co presente convenio, as partes designan os seguintes enderezos de contacto:

- COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA. Santiago de Compostela, Rúa da Espiñeira 10-baixo, CP 15706. [copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)
- MENIÑOS, FUNDACIÓN PARA A INFANCIA. A Coruña, Avenida de Cádiz, 5 – 2º I (Edif. A Milagrosa), CP 15008. [rsc@meninos.org](mailto:rsc@meninos.org)

SÉPTIMA: MENIÑOS, FUNDACIÓN PARA A INFANCIA informa ao COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA de que os datos de carácter persoal recibidos en virtude do presente convenio se incorporan a un ficheiro debidamente rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos e cuxa finalidade é a axenda da Fundación. Poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no domicilio da fundación indicado no encabezamento. Non se prevé ningunha cesión de ditos datos, salvo as impostas pola lei.

OCTAVA: O convenio entrará en vigor no momento da súa firma e estará vixente inicialmente por un período indefinido, sen prexuízo de poder ser rescindido libremente por calquera das partes preavisando á outra con alomenos dous meses de antelación con respecto á súa data de extinción.

De conformidade coas cláusulas expostas, ambas partes asinan o presente convenio no lugar e data arriba indicado en catro páxinas de papel común cos logotipos de cada entidade.

 <p>Fdo. MARÍA-ROSA ÁLVAREZ PRADA. COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA.</p>	 <p>Fdo. MÓNICA PERMUY LÓPEZ. MENIÑOS, FUNDACIÓN PARA A INFANCIA.</p>
---	---